

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MIÑO

*Aprobación acordo recoñecemento aos membros da corporación local do dereito a ser indemnizados no importe dos gastos sufragados en concepto de representación e defensa xurídica dun proceso penal*

#### ANUNCIO

O Pleno municipal do Concello de Miño, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2019, adoptou o acordo que se publica a continuación para xeral coñecemento:

**Primeiro.-** Recoñecer aos membros da Corporación local o dereito a ser indemnizados no importe dos gastos sufragados en concepto de representación e defensa xurídica dun proceso penal, como consecuencia de actuacións realizadas no exercicio do seu cargo, a condición de que non concorran circunstancias que obriguen a cualificalos como gastos realizados en interese propio ou a favor de intereses alleos ao xeral da entidade e, ademais, que se dean os seguintes requisitos reflectidos na sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira- Sección 4ª) do 4 de febreiro de 2002 ditada na resolución do recurso de casación número 3271/1996:

a) Que sexan motivados por unha inculpación que teña a súa orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables á súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta. Estes gastos, debe entenderse, en principio, que se trata de gastos xerados con ocasión do exercicio das súas funcións, pois a causa remota da imputación penal radica nunha conduta destas características.

b) Que dita intervención non sexa levada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder ou en converxencia con intereses particulares propios dos interesados ou do grupo político ou doutra índole ao que pertencen susceptibles de ser discernidos dos intereses da Corporación, pois en tal caso a actuación non pode considerarse como propia do exercicio da función, senón como realizada en interese particular, aínda que externa ou formalmente non sexa así.

c) Que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito. De haberse contraído responsabilidade criminal non pode entenderse que a conduta realizada o sexa no exercicio das súas funcións, senón abusando delas. De non haberse probado a falta de participación en feitos penalmente reprochables, aínda cando concorran causas subxectivas de exención ou de extinción da responsabilidade criminal, cabe estimar, en atención ás circunstancias, que os gastos de defensa non dimanaran do exercicio das funcións propias do cargo, dado que non pode considerarse como talles aquelas que obxectivamente puidesen xerar responsabilidade criminal.

**Segundo.-** Someter o devandito dereito de indemnización a un límite cuantitativo máximo tomando como referencia o baremo de honorarios dos colexios de avogados de Galicia.

Miño, 16 de xullo de 2020

O Alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

2020/4863